



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA**  
**POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 03/07/2010.**

**Alcalde Presidente:**

**D. Secundino García Casal.**

**Concelleiros presentes:**

**D. Manuel Varela Mecias.**

**D. Xosé López Gudín.**

**Dª María del Carmen Muiño Filgueira**

**D. Jesús Manuel Soto Vivero.**

**D. Constantino Bedoya Vázquez.**

**D. Hipólito Díaz Silva.**

**D. Juan Antonio Hermida Tembrás.**

**D. José Romero Ledo.**

**D. Fernando Márquez Hermida.**

**Concelleiro ausente:**

**D. José Serafín Gudín Sabín.**

**Secretario en funcións:**

**D. Ángel Barro Sabín.**

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do sábado día tres de xullo de dous mil dez, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de maio do presente ano dous mil dez. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

**SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.**

Dase conta do dictamen favorable da Conta Xeral de 2009 emitido pola Comisión Informativa competente, na sesión celebrada o pasado día 25 de xuño e da remisión do correspondente anuncio, que próximamente será publicado no BOP, e tamén do contido das



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

resolucións da Alcaldía dictadas tras o pleno ordinario do mes de maio, que os concelleiros xa coñecen polas actas das sesións da Xunta de Goberno, nas que se da conta delas.

A Corporación queda enterada do contido deses acordos e resolucións.

Dase conta de seguido do ofrecemento formulado por Celestino Canosa Fernández, veciño deste Concello de San Sadurniño, con enderezo no lugar de A Fraga, parroquia de Bardaos, de cesión dunha finca colindante co camiño de Gudín á Fraga, con referencia catastral 15077A156002860000HI, que ten unha superficie de 1.129 metros cadrados, sen contraprestación nin condición algunha, para que se adique polo Concello a depósito de madeira procedente da corta de fincas da zona.

A Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aceptar a cesión de que se trata e facultar ó Sr. Alcalde para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos precisos para a efectividade desta cesión gratuita.

### **TERCEIRO. ACORDOS DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN.**

Dase conta do expediente tramitado para a desafectación dun tramo do camiño público nº 123 dos incluídos no Inventario Municipal de Bens, iniciado a instancia de Bautista Bellón Bellón, mediante acordo da Xunta de Goberno do 22 de xaneiro deste ano 2010. O expediente foi sometido a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 21, do 02/02/2010, e durante ese prazo presentouse unha única alegación, polos titulares de servidumes de acueducto existentes sobre o camiño de que se trata, que desexaban que quedase garantido o mantemento destas servidumes tras a desafectación que se está a tramitar, alegación que o Pleno entende resolta nesta data. O destino do terreo resultante da desafectación será a súa declaración como parcela sobrante, para a súa venda directa ó colindante.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes na sesión, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Infórmase polo Secretario en funcións que o acordo de que se trata debe ser adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, segundo establece, entre outros, o artigo 8-2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

A Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do número legal de membros, acorda alterar a cualificación xurídica do tramo de camiño de que se trata, que queda cualificado como ben patrimonial, ordeando a correspondente corrección no Inventario, e autorizar a venda directa ó colindante, como parcela sobrante, do terreo obxecto do presente acordo. Especificase de maneira expresa que



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

as servidumes de acueducto existentes non poderán modificarse nin extinguirse sen o consentimento dos seus beneficiarios.

**URXENCIA.** Antes de pasar ó cuarto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción en defensa do sistema galego público de servizos sociais.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con catro votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

**URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN EN DEFENSA DO SISTEMA GALEGO PÚBLICO DE SERVIZOS SOCIAIS.**

O Sr. Soto procede á lectura do texto da moción, que literalmente di:

“Dende que o PP accedeu á Xunta de Galiza marcouse como un obxectivo político o de desmantelar as accións máis significativas desenvolvidas no goberno galego polo BNG. Neste senso situaron o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no centro da diana, xunto con outras iniciativas estruturais implementadas polo nacionalismo no goberno galego. Non responden, as intencións da Xunta, a un mal funcionamento do Consorcio ou a un descontento dos concellos e da cidadanía cos seus servizos, senón a un interese puramente partidista para borrar a pegada nacionalista na Xunta. Tamén responde a un interese do PP de converter os servizos de igualdade e benestar nun negocio, ao través da privatización da súa xestión.

A estratexia que utilizan para suprimir ou privatizar os servizos sociais públicos, o goberno do PP na Xunta acode a unha secuencia repetida en numerosas ocasións: primeiro degradar os servizos e fomentar o seu mal funcionamento, despois, descualificalos socialmente, intentando retirar o apoio social co que contan e, por último, desmantelalos, suprimilos ou privatizalos.

O BNG reivindica a consolidación dun sistema público galego de servizos sociais, tal e como recolle a Lei de Servizos Sociais de Galiza aprobada no ano 2008, que garante os recursos e equipamentos precisos para afrontar as necesidades sociais do conxunto da poboación galega –servizos aos que temos dereito, vivamos onde vivamos–, co obxectivo de



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

favorecer a cohesión social do país, reforzando os vencellos sociais e combatendo os procesos de desestruturación territorial e social, abordando, tanto as situacións de falla de autonomía persoal, como as de pobreza e exclusión social ou nas que existan menores en conflito ou desamparo.

Defendemos a consolidación dos servizos sociais comunitarios (básicos e específicos) como servizos de competencia local que son, dirixidos ao conxunto da poboación dun territorio determinado, baseados no desenvolvemento de accións preventivas, de atención integral a persoas e familias e de incorporación social e laboral. Enmarcados no sistema público galego de servizos sociais, estruturado en rede e coordinado cos outros servizos para o benestar: de saúde, educación, emprego, vivenda, migracións, etc.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1.- Instar á Xunta de Galiza a que poña en marcha o desenvolvemento pleno da Lei de servizos sociais de Galiza, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público, xunto coa educación, a sanidade e a seguridade social; na que se recoñece o dereito aos servizos sociais como un dereito das persoas, do conxunto da poboación; e que obriga a incluír nos orzamentos anuais da Xunta e das entidades locais as partidas necesarias para o seu financiamento.

2.- Instar á Xunta de Galiza que concrete o citado desenvolvemento nos seguintes aspectos:

1.- Implantación da Tarxeta Social Galega, de carácter persoal que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais. Posta en marcha do Expediente social básico único para axilizar a xestión no ámbito dos servizos sociais comunitarios, e do Mapa galego de servizos sociais.

2.- Posta en marcha do Catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións.

3.- Revisión urxente da regulación da renda de integración social de Galiza, de xeito que garanta ás persoas en situación ou risco de exclusión social o dereito a un mínimo vital en función das características do núcleo de convivencia e o dereito a unha oportunidade real de inclusión socio-laboral. E elaboración da lei Galega de inclusión social.

4.- Consolidación da rede de oficinas comarcais de servizos específicos que incidan nas situacións de exclusión e desigualdade social.

5.- Consolidación da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela, en particular a rede de centros de día.

6. Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, nomeadamente o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.”

O Sr. Bedoya interven para dicir que onte mesmo acordouse pola Xunta a supresión do Consorcio, que na súa opinión foi un invento do bipartito para mediatizar a prestación dos



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

servizos sociais en Galicia mediante a creación dunha rede caciquil sen intervención dos concellos e a formulación de moitas promesas que non se levaron a cabo. Di tamén que o que a xente quere é un mellor funcionamento dos servizos sociais e que o debate nos concellos deste tipo de mocións carece de sentido e non ten valor xurídico algún, polo que o seu grupo votará en contra.

O Sr. Soto toma a palabra para dicir que o tema que se somete a debate afecta á xente de San Sadurniño, xa que moitas persoas son usuarias dos servizos sociais, e lóxicamente lles afecta que se privaticen centros asistenciais, que se despida persoal ou que se produzan renuncias ás adxuducacións. Ademais, a desaparición do Consorcio vai acompañada da aparición dunha Axencia Galega que vai ter máis ou menos as mesmas atribucións e na que a Xunta controla as dúas terceiras partes da capacidade decisoria. Trátase logo de problemas que afectan de modo directo ós veciños deste Concello, como o retraso na apertura do centro de día, cuxa data aínda non se coñece.

O Sr. Bedoya interven novamente para replicar que tampouco no Consorcio os concellos tiñan capacidade de decisión algunha, e que na Axencia vai haber representación da Fegamp; por outra banda, do que se trata é dunha correcta administración dos recursos financeiros disponibles, suprimindo o despilfarro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir como representante do Concello no Consorcio que si considera tarefa dos concellos participar e opinar en cuestións políticas, e que hai que ser respetuoso coas decisións políticas, especialmente en cuestións como esta que teñen unha dimensión política. Di que o Consorcio funcionaba ben e que é preciso prestar un servizo de calidade, sobre todo ós maiores.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con catro votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

#### **CUARTO. ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Bedoya formula o rogo de que se explique porqué a actuación que se vai levar a cabo de senda peonil da estrada de Ferreira, non se realiza tamén en Silvalonga.

O Sr. Alcalde resposta que a Deputación soamente podía financiar a construción dun quilómetro de senda peonil. Optouse pola estrada de Ferreira porque se considera que en Silvalonga é preciso instalar primeiro o saneamento, instalación que está condicionada pola execución por parte da Xunta do saneamento na zona de Piñeiros. O Sr. Alcalde recoméndalle ó grupo do PP que fagan valero o seu peso na súa organización para que non se boicotee esa intervención que a Xunta tiña comprometida fai xa dous anos.

Formula de seguido o Sr. Bedoya as seguintes preguntas:

- Quen vai facer o mantemento das obras que se están a realizar no adro da igrexa parroquial e cales foron as modificacións introducidas no proxecto.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

O Sr. Alcalde resposta que o mantemento o fai quen o viña facendo ata agora e que as modificacións do proxecto debéronse a propostas do autor do proxecto, que tiveron que ser validadas por patrimonio.

- Quen vai manter o arboleto autóctono e canto vai custar.

O Sr. Alcalde di que polo momento non fai falla mantemento e que non se sabe con exactitude canto custará.

- Cal é o traballo que se ven facturando como auditoría enerxética.

O Sr. Alcalde resposta que se trata dun traballo técnico sobre a facturación por consumno eléctrico bastante complexo e non susceptible de ser realizado polo persoal do Concello, e que se espera que terá un efecto de redución do custe anual.

- Cal é a previsión de prazo para a realización do plan xeral de ordenación.

Respótaselle polo Sr. Alcalde que estase á espera de que Augas de Galicia delimite a parte inundable da cunca do río Xubia na zona industrial. Tamén é preciso correxir parte da documentación entregada polo equipo redactor para adaptala á última modificación da Lei do Solo.

- En relación coa entrevista publicada no último “Embloque” coa concelleira de servizos sociais, pregunta o Sr. Bedoya polo funcionamento dos servizos sociais municipais, que a concelleira calificaba como referente na comarca, e tamén pola lista de espera para atención a dependentes.

A Sra. Muiño reafírmase no exposto na entrevista de que se trata, decindo que se atende a máis xente e mellor, e que se mellorou a prestación xeral e no referido a igualdade en particular, con máis persoal e recursos económicos. Respecto ó tema das listas de espera, o Sr. Alcalde di que non ten neste momento datos sobre o tema, e que se facilitarán á oposición cando se dispoña deles.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

**O ALCALDE PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO EN FUNCIONS,**